

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o **expediente** que se tramita para a provisión mediante oposición libre dun posto de auxiliar administrativo, persoal funcionario, deste Concello de Castrelo do Val.

Logo de ver as **bases** reguladoras do proceso, así como o establecido da Disposición Adicional 2ª da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro do 2021)

Logo de ver os **Decretos** 21/2021, do 25 de febreiro e 37/2021, do 4 de marzo da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre medidas fronte a crise sanitaria actual.

A medio da presente, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Convocar para o vindeiro **martes 23 de marzo de 2021, ás 11:00 horas** no **Pavillón municipal de Castrelo do Val, sito no lugar de “O Terrón”, Castrelo do Val** (32625 Ourense) o primeiro exercicio da fase de oposición, aos candidatos admitidos definitivamente por Resolución da Alcaldía de data 10.02.2021 (anuncio no BOP núm. 37, do 15.02.2021)

Os **aspirantes** deberán asistir provistos do seu carnet de indentidade, carnet de conducir ou pasaporte, para poder proceder á súa identificación.

A proba de **galego** (aos **catro aspirantes** que deberán facela) realizarase ao remate da proba que se convoca e no mesmo lugar.

Os asistentes á proba deberán respectar todas as **medidas preventivas establecidas polo Concello**, para garantir a súa seguridade durante a celebración desta proba presencial.

**SEGUNDO:** Publicar na sede electrónica do Concello e no seu taboleiro de edictos a presente resolución, coa antelación sinalada na Base Sétima das que rexen o proceso.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, dou fe, o Secretario

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE POR ALCALDE E SECRETARIO

